



Apoio á transformación en cooperativas ou sociedades laborais de negocios sen remuda xeracional, de sociedades mercantís de calquera tipo (incluídas as cooperativas xuvenís) e de persoas traballadoras autónomas que xa exercían unha actividade económica.

Orzamento
2.370.000€

PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN:
concorrenza non competitiva

Prazo de solicitude aberto desde
o 1 de xullo ás 09:00 h ata o 15
de setembro de 2026 ás 20:00 h
ou ata o esgotamento do crédito



Entidades beneficiarias

Sociedades laborais ou cooperativas creadas nos 3 anos anteriores á solicitude, mediante:

- Ausencia de remuda xeracional (traballadores cuxo contrato se extinguiu por crise, xubilación, incapacidade ou falecemento da persoa empregadora).
- Constitución por persoas autónomas dadas de alta no réxime de seguridade social correspondente.
- Transformación de todo tipo de sociedades (incluídas as cooperativas xuvenís) nunha cooperativa ou sociedade laboral.



Contía dos incentivos

PERÍODO SUBVENCIONABLE:
Do 1 de novembro de 2025 ao 31
de outubro de 2026

- 80% do gasto subvencionable se é por ausencia de remuda xeracional.
- 60% se é por autónomos ou transformación.
- Límites por concepto: 4.000 € (asesoramento legal), 5.000 € cada un (imaxe corporativa, certificacións, márketing, protección de datos), 8.000 €/12 mensualidades (aluguer), 500 € (seguros).
- Máximo 30.000 € por entidade nos conceptos base.
- Incrementos de 2.000 € por cada condición cumprida (rural, maioría mulleres, mulleres en ocupacións subrepresentadas, maioría menores de 30, emigrantes retornados, maiores de 45, discapacidade, persoas trans), ata 16.000 € máximo adicional.

Conceptos subvencionables: asesoramento legal, imaxe corporativa, certificacións de calidade, márketing/comunicación, plan de protección de datos, equipamento informático, software/webs, eficiencia enerxética, equipamento, reforma de local, mobiliario, elementos de transporte, aluguer de local e seguros de responsabilidade civil.

A contía máxima por entidade beneficiaria poderá ser de ata 46.000€

SUBVENCIÓN BAIXO A CONDICIÓN DE MINIMIS

- A axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá 300.000 € durante os 3 anos previos.
- No sector agrícola, a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 50.000 € durante calquera período de 3 anos.
- No sector da pesca e da acuicultura a axuda total de minimis concedida a unha única empresa non excederá de 40.000 € durante calquera período de 3 exercicios fiscais.

A información que se ofrece neste documento é un resumo que non substitúe a orde de bases reguladoras. Antes de presentar a solicitude de subvención debe consultar a orde na súa versión íntegra.

